

DO MEU REINTEGRACIONISMO LINGÜÍSTICO

I. DO *LUSITANISMO* E OUTRAS SUPOSTAS AMEAZAS

Co anatematizador diagnóstico de “O ‘lusitanismo’: enfermidade infantil do nacionalismo”, o colaborador de *A Nosa Terra* (no seu número 22) Darío Xohán Cabana sai ao paso dos que se ven dando en chamar, cuase sempre pexorativamente, *lusistas*. O ton abertamente apaixonado e, portanto, moi pouco ou nada rigoroso do artigo ben podería dar lugar a un anti-título como: “O antilusitanismo: enfermidade infantil –e crónica- de certo nacionalismo”. Pero coído que non é por aí por onde han ir as razóns, pois se cairía nun apaixonamento recíproco. Por outra banda, se ben ésta semella unha *intromisión de terceiros*, hei confesar que o artigo do Cabana somente foi o pretexto ou, por mellor decir, o empurrón decisivo para dar eu saída a unha serie de ideas que hai tempo me viñan madurecendo no maxín, non sempre, como se verá, directamente dirixidas a contestar ao mentado articulista. Procurarei ser breve e conciso, pedindo xa desculpas a periódico e lectores, se é que non o consigo, como me temo...

AINDA HAI CLASES...

Convén matizar, de entrada, a propia denominación: máis que de lusistas –ou lusitanistas, como di o Cabana-, termo ambiguo e perigoso e vítima de interpretacións cuase sempre erradas, como dixen ao encetar estas liñas, eu falaría, sen que o calificativo me acabe de convencer, de historicistas, termo que o firmante asumiría logo de dúas aclaracións: unha) que el non implica historia morta, senón dinámica viva, historia interpretada cos pés no chan; dúas) que el se refire á nosa, polo de agora, mellor historia: aquela da que, lembrando a Castelao, non nos quixéramos arrepentir totalmente: tempos en que non existían diglosias, pois, polo menos no tocante á fala, non había fronteiras entre *base* e *cumio*, entre campo e vila... se ben non son tan inxenuo como para crer que, nos eidos fundamentais do acontecer humano, fose aquilo o paraíso terreal...

Pero *aínda hai clases* de lusistas: desde os galegos entreguistas –supoño que contados, se é que existen-, que choutarían coa ledicia ao se veren trocados en portugueses, hastra os que sóio arelamos que non desaparezan os derradeiros fios que maiormente con *certos* portugueses nos vencellan, haivos un abano para todos os gostos... Daquela, falar de lusistas sen máis, abofé que é ben simplista.

E digo certos portugueses, porque o vencello pretérito, e mesmo presente –pese a quen lle pese- cuns portugueses que os seus propios compatriotas chaman galegos –e nom precisamente para os louvar-, évos cos portugueses do norde, os poboadores da anterga Galiza Bracarense. Cos que nos unen, ante todo, lazos lingüísticos e *algúns* doutros eidos culturais. Se non trata, xa que logo, dunha cultura absolutamente idéntica

á nosa, poisque, polas dúas bandas, houbo uns cantos séculos de trasfego portugués-lisboeta e castelán-madrileño, respectivamente; agás as mutuas políticas arredadoras, das que ese trasfego pode ser considerado unha faciana máis. Vemos que asímesmo *aínda hai clases* de portugueses...

DUAS FALAS, UNHA LINGUA

É recoñecendo esa comunidade idiomática aínda sobrevivinte –por un milagre popular- dunha lingua única escindida en dúas falas –e deixémonos de lerias sobre cál é dialecto, nai, filla ou irmá de cál, mirando que cada unha ten algo que lle ofrecer á outra-, que uns cantos galegos defendemos algo. E loitamos non por unha invención artificiosa e elitista desde arriba, alentada por un suposto *gran patriarca*, senón por unha simple normativización puramente ortográfica –ollade con qué pouco nos conformamos, de momento, quen pensamos nunha comunidade que vai alén desa cuestión periférica da escrita. O tempo dirá se estes cantos nos convertiremos en milleiros de milleiros que cadren conformes con estas razóns:

Unha) O portugués escrito hoxendía non é senón o galego escrito antigo evolucionado e, paralelamente, velaí o pintoresco do caso, o galego de hoxe, empregado nestas liñas, escribímolos a partires do sistema gráfico español. Os pais e os fillos inmediatos do Rexurdimento non tiña outra intención que o rápido espallamento popular da súa creación: cunha visión populista, cando non cabía outra, se querían actuar con realismo, e coa maior boa fe do mundo foi que, con poucas e parciais excepcións, aqueles homes e mulleres nos furtaron –moitos deles por ignorancia do mesmo- o galego escrito histórico: ¿quén se imaxina a Rosalía escribindo: “Airinhos, airinhos, aires,/ airinhos da minha terra”? ¿E quén cre que dese xeito chegara á divulgación popular que ela acadou? Este foi, pois, o único camiño posíbel para resucitar o galego daquela; hoxe, co inminente ensino oficial da nosa lingua nacional, as condicións obxetivas serán diametralmente opostas.

Duas) O punto cuase cero en que nos atopamos, xustamente debido á inexistencia de escola galega e en galego, cunha maioría iletrada, fai que aínda sexa o tempo de impedir o arredamento definitivo do galego e o portugués escritos; tendo en conta, a maior abundamento: a) que a escrita é algo sempre convencional, e b) que esta convención, e partindo da idea da inviabilidade da escrita fonetista, tampouco se ha de apartar demasiado da fala real.

Tres) Finalmente, nin o pobo é parvo, como certos *populistas* amosan coidar, nin tampouco a escrita que se propón ten, na súa posíbel dificultade, nada que ver co chino anterior a Mao: a partires do galego na escola poderán os rapaces galegos asimilar de contado algunhas grafías –non todas- comúns co portugués. Porque, tamén compre aclaralo, apenas ninguén pensa botar man de moitas barrocas solucións do portugués

escrito actual, senón daquelas que a razón aconselle, e por eso digo algunhas e fala real.

Aí está ese fato de estudosos –a quen lles compete en grande parte dar xeito a estas e outras ideas deitadas polos afeizoados de sempre-, firmantes da que se ven chamando “Carta dos Cinco” (“¿Qué galego? Ortografía, independentismo e porvir da lingua”, *La Voz de Galicia*, 23-04-78). Estes, precisamente porque son, ao que se ve, nacionalistas non *infantís*, basean a súa seique inminente proposta normativa en que o verdadeiro nemigo do galego non o é o portugués senón o español... metido na nosa propia casa, engado eu, e con armas potentes de máis.

GALEGUISMO: IBERISMO CONTRA ESPAÑOLISMO

Por aquí afronto xa afirmacións ben concretas do artigo de Cabana, para lle pregar un pouco de obxetividade e respecto ás ideas dos que pensan doutro xeito diferente do seu. No fondo, a cuestión non radica precisamente en estar necesitados os *lusitanistas* dun país grande –el cita a Castelao e eu citaríalle a Risco, en “Leria”, pág. 191-; nin duns lectores que se conten por millóns e millóns –éste sería problema dun gremio moi determinado cal é o dos escritores-; ou dunha nación única –como o admirado por outros conceptos Vilar Ponte pretendeu nalgures.

O fondo está en comprobarmos unha realidade feliz: a comunidade aínda viva entre *duas* nacións que ninguén dos que así pensamos tenta fundir nunha só; e unha outra realidade infeliz: que o anti-lusismo, que –haino que recoñecer- agroma nos galegos, non é máis que o mesmo anti-lusismo –de vello contestado polo anti-españolismo dos lusos- inculcado consciente ou fomentado inconscientemente polo centralismo español; cabal imperialismo que endexamáis lle perdonou a Portugal o seu xesto –a súa xesta- independentista: daí esa vella, despeitada relación de menosprecios e bulras, para respostar a outra semellante procedente dun Portugal que, como fai todo país que se independiza, tivo como teima preferente cortar canto de común poidera haber entre ambos estados... O cal, de rebote, lle deu no corazón a Galiza, que seguía sendo colonia da mesma exmetrópoli dos portugueses... Isto sen prexuício dos receos cotiáns entre todos os veciños do mundo...

Iberismo reseso, di Cabana, sen entender que é ben doada unha confederación de nacións-estados ceibes no seo dunha península, e, é máis, que ún non alcanza a imaxinar –e se el imaxina o cómo, que mo explique- de qué outro xeito senón confederándose poden ter unha mínima forza que garantice precisamente a súa independencia as nacións territorialmente cativas... Nesto o home disinte, pois, de Castelao, quen quedaría así incluído no que el chama “sectores do galeguismo histórico incapaces do plantexamento radical da rotura do Estado unitario e da construción dos Estados nacionais”... De quen tamém disinte no tocante á lingua empregada en “Nova Galiza”, en moita proporción debida ao propio Castelao, como ten que disentir,

consecuentemene, da lingua toda do Guieiro, por exemplo, en “Sempre en Galiza”: abonda que lle dea unha leituríña a este libro de libros para se ilustrar en ambos os dous aspectos: coido que o, deica hoxe, máximo expoñente do nacionalismo galego –o propio Cabana di “o noso Castelao, noso dos nacionalistas”- non pode ser alcumado de *lusitanista*, non embargantes os seus “liberdade”, “proprio”, “para”, “ao”, “até”, “ideia”, “povo” –ao lado dos seus recoñecidos hiperenxebrismos diferencialistas-; nin tampouco de “federalista reseso” polas suas derradeiras palabras no citado libro.

Para remate, un par de obxeccións aínda. Os que pretendemos sumarnos, no grao que sexa en cada caso, ao sistema galego-luso-brasileiro-africano-etc. coido que non perseguimos “loitar de igual a igual con español e inglés”: é en termos de autodefensa patriótica e non de ofensa imperialista que a loita se debe organizar.

E tocante ao meu amigo Manuel Miragaia –provocador, seique, da resposta do Cabana-, inda que eu non cadre cabalmente coa idea de aquél, teño que lle lembrar a éste que “a probeza de medios” non xustificaría o abandono ou non plantexamento da loita, pois, daquela, arquivemos a mesma reivindicación nacionalista nosa e “se chove... deixa chover”: non parece senón que, desde tal visión burguesa, a probeza fose outra cousa que un baldón. ¿Cómo compaxinar esto, logo, coa seguridade, dabondo apresada, de que “a Historia é irreversible e ademais camiña nunha moi concreta dirección: a liberación dos pobos oprimidos”? Ogallá o vexan os nosos descendentes, que o que é nós, coa fe pura e nua habémonos de conformar, según todos os indicios... Fe que é para nós talmente unha obriga, pero que non nos pode cegar hastra o punto de confundirmos arelanza con presente.

A Cruña, 24-06-1978.

Publicado en *A Nosa Terra*, 07/13-07-78.

II. OU COIDADES QUE EN MADRID DORMEN, HO?

Para Lluís M. Xirinacs i Damians

Con algunha frecuencia é que ultimamente se ouven voces, e non precisamente cantigas, *de escarnho e maldizer* para o alcumado *lusismo*. E é non só bó, mais mesmo conveniente que estas opinións se den, por dúas razóns fundamentais: a primeira) por un elemental sentido da democracia, ou, mellor, pola mesma esencia desa democracia; a segunda) porque é gracias á polémica que se aprofunda nas cuestións.

Pero é aí onde, tristemente, está o fallo: que, polo de agora, as polémicas en torno a esta materia non son, ao meu modesto xuicio, senón aparentes, debido a que, na maioría dos casos, lles falta, e, normalmente, aos *antilusistas*, ese aprofundamento *sine qua non* e os contendentes, máis que se ouvir mutuamente, limítanse a expoñer a súa teoría, cada volta máis seguros de si...

Eu apontaría como causas de que cada bando non entre a fondo na *regueifa*: polo lado dos *antilusistas*, a falta de argumentos serios; polo do *lusismo*, o adolecer dunha falta de decisión, dunha excesiva prudencia ante a audacia daqueles, e, por qué non dicilo, até dun temor a ser acusado de *imperialismo*, como xa o teñen feito algúns inconscientes *imperializados* mentais do españolismo. (Repárese en que poño en cursiva os termos, por os considerar desafortunados).

Eu padeza, probabelmente, esta mesma esaxerada discreción, acaso temendo mesmo que canto poda dicir e/ou escribir vaia escandalizar a un pobo, tantas veces tomado en vao, que, para sermos honrados, nin se entera destas trécolas. Pero, por se servise para mellor enfocar o problema, vou deitar tres ou catro ideas que penso veñen a conto. Inda que o comezo do entendimento quizais estivera, dada esa profundización que dixen, nunhas cantas mesas-redondas, ou mellor, coloquios públicos.

LUSISMO, IBERISMO

Ocúrreseme que existe, nos galegos que cisman nestas cousas, un, a primeira vistya xustificado, receo ante un imaxinario e potencial *imperialismo* portugués... e así alcuman de *lusistas* aos compatriotas que non só non lles dan as costas, mais que tenden a ollada aos irmáns da outra banda do Miño, e máis particularmente aos de aquén Douro. E fan parello este calificativo, que igual se podería substituír polo de *aportuguesados*, co que os nosos devanceiros dos albores do século XIX adicaron aos colaboracionistas coa invasión francesa chamándolles afrancesados. E isto si que é delirar, meus amigos.

Máis fundamento terían, se cadra, as reservas con que en Portugal se mira para o iberismo, habida conta do precedente filipino, cando aquel país foi gobernado desde Madrid durante sesenta anos.

En ambos os dous casos xoga, claramente, o desequilibrio xeográfico-demográfico-económico entre España-Portugal e Portugal-Galiza, actuando eficazmente como a mellor xustificación daquela prevención, neste mundo en que hai tanto peixe grande famento de tanto peixe cativo. E, non cabe dúbida, algunhas poucas mentes con vocación imperial haberá, nos dous planos citados, dispostas a dar a *desinteresada* colaboración que outras poucas mentes, *desinteresadas* tamén, están dispostas a recibir... Pero ben se ve que isto máis semella historia-ficción que teoría histórica con posibilidades. Por descontado, de telas, viríalles dar a razón aos *antilusistas*, poisque os galegos trocarían, daquela, o lume pola tixola...

POR UN GALEGUISMO RESPONSÁBEL

Si haberá, e hai, matices dentro dunha xeral tendencia fraternal con vocación universalista e, ao tempo, coa mellor intención de rectificar o manipulado río da historia común... sen por elo pretender trasvasalo ou desecalalo...

Estou a falar da multiforme tendencia daqueles que non queremos ver perpetuado o inxusto e vello feito de se dar as costas pobos irmáns como o galego e o portugués o son, e como o son tamén os que dentro dunha mesma península están unidos uns e separados outros, á forza e por enriba, nos dous supostos, sen se coñecer ou recoñecer. E isto, polos sempiternos intereses de quen une e separa sen contar, repito, cos pobos respectivos, e en contra do beneficio común, que, está claro, non cadra co seu propio beneficio de clase explotadora cosmopolita. (Cosmopolita e non internacional, porque nación de seu, é dicir patria, nunca a coñeceu, e, por tanto, non pode ser considerada inter-nacional).

Entendo por galeguismo responsábel –e conste que ao longo todo destas liñas estou a facer fincapé no eido da cultura, sen tratar apenas os inseparábeles aspectos político, económico, etc., aos que lles cumprían máis capaces comentaristas-, entendo por responsábel o galeguismo nacionalista, pero non reaccionario nin *chauvinista* –fechado en si mesmo-; o galeguismo federalista, pero non simplemente autonomista –respeito de España-; o nacionalismo iberista, en tanto ponte no achegamento a/de Portugal, pero non entreguista cara o país irmán.

Daquela compre xulgar un chisco apesado o entusiasmo, valente por outra parte, que por Portugal mantiveron quen antano definiron a Galiza como parte con Portugal dunha pretendida *nazón-completa*: ao meu ver, trasladaban ao plano político o que é un problema cuase estrictamente lingüístico, e nin sequera cultural en xeral. (Isto, sen perxuício de abirmos urxentemente unhas permanentes relacións culturais, prioritarias mais non exclusivas con esta nación, como tamén, poño por caso, con Catalunya e Euskadi, cos que apenas hai uns cantos precedentes –véxase a revista *Galeuzca*-, pero falta toda comunicación actual).

POR UNHA ORTOGRAFÍA GALEGO-PORTUGUESA

Co anterior internámonos na actualísima cuestión da norma-tivi/li-zación do noso idioma nacional. E afirmo que quen chaman *lusistas* a aqueles que propugnamos un achegamento do galego ás suas fontes, limpándoo de castelanismo, actúan cunha lamentábel lixeireza, quero pensar que ben intencionada, mais orixinada nunha ignorancia total das múltiples aristas do problema lingüístico e orientados por un patriotismo de vía estreita.

Eles non ven que apenas loitamos, de momento, pola recuperación da ortografía histórica galega, naquela medida en que a mellor lingua falada o permita. (A propósito, ¿cal é a mellor lingua? Se hai casos moi discutíbeles, hai outros de tan clara lexitimidade como o daquela fala que utiliza “onte” –a pesar de “aier”- e “ovo” –a pesar de “juebo”).

E así, por dar unha idea do *comprimento da manga*, ún asumiría xa –ollo!: escola galega mediante- os puntos 1 ao 15 (con reservas para os 7 e 11) dos 18 que Xosé-Martiño Monteiro Santalla expuña recentemente (“Esbozo dunha ortografía galego-portuguesa”, *La*

Voz de Galicia, 10-09-78). O mesmo tratadista reconece que os puntos 16-18 reúnen “a maior dificultade” –problema dos c, ç, z, ss, qu-; os puntos 7 –m en lugar da actual n-final- e 11 –reforma do sistema de acentuación- merecerían unha especial meditación. Os demais, salvo dous –sustitución do ll e ñ por lh e nh- xa se usan hoxe en día, e non habería máis que os oficializar.

Chegados a este aspecto da cuestión, haberá que insistir en que nin se tocan as outras aristas: a morfoloxía, o léxico, etc., etc. Este último, concretamente, na que tanto poderíamos dar como recibir.

Haberá que insistir, neste eido exclusivo da lingua escrita, en que son dúas cousas ben diferentes o galego practicado á toa por catro –catrocentos ou catro mil- entusiastas, como acontece hoxe, e o idioma impartido nas escolas, a partir da súa oficialización, como pode e é de agardar ocorra mañá.

Haberá que insistir en que aínda hoxe, e por esa triste razón de cultivo minoritario da lingua escrita –e lida-, estamos no punto de partida, no quilómetro cero, no que ao idioma toca. (Isto sen perxuicio do labor divulgatorio que logros como *A Nosa Terra* andan a facer).

Haberá que insistir en que galego e portugués son unha lingua só con estes dous –e outros moitos- xeitos de falar; que non se diferencian máis do que o español de Madrid e o de Bos Aires, poño por exemplo de dous que coñezo un pouco. E eso comparando os 150 e pico de anos de independencia arxentina (é certo que cunha forte inmigración non española –mesmo galega- e unha distancia xeográfica de dez mil quilómetros), con cuase nove séculos de separación política luso-galaica –coa que loitou, nos primeiros tempos, unha sobrevivente relación cultural, logo tamén quebrada; pero compre cavilar no que son novecentos anos en comparanza coas escasas desemellanzas entre as dúas falas).

DO GOZO INDISIMULÁBEL DO PODER CENTRAL

E compre insistir en non confundir –como fan moitos nemigos deste achegamento ao portugués escrito- patriotismo con *chauvinismo*, socialismo con populismo, revolución imaxinativa e planificada con *realismo* espontáneo de curtos voos... -e non estou falando, inda que o pareza, de conceptos estrictamente políticos.

Compre insistir na secular mentalidade antilusista que un poder central –que nunca lle perdoou aos *levantiscos* portugueses o seu arredamente da *casa paterna*- logrou inculcar mesmo nos galegos, valéndose dunha ignorancia interesadamente alimentada cunha ringleira de groseiras anécdotas; anécdotas que, ridiculizando aos poboadores de Alén-Miño, non fan senón reflexar as que aos propios españois lles atribúen, pexorativamente, no resto de Europa...

Compre insistir en que aquel poder, aínda asoballante, verá con deleite e gozo

indisimulábel, e mesmo arrimará a tea a posturas como a que pode facer do galego, no futuro, un dialecto do español –ou castelán, chámenlle como queiran-, do que non o vai salvar a mera –cuase irónica, visto o trato que recibe- denominación de idioma, se non pasa diso, dunha calificación de “Diccionario de la Real Academia Española”, cunha menor incidencia real cada día. ¿Ou quen foi senón quen non aforrou esforzos para que o quebramento da relación galaico-portuguesa, a que me refería máis atrás, fose un triunfo cotián dos mesmos que, imperialmente, dividiron para vencer; os mesmos que sospeitaron, como eu sospeito, que, de seguir unidos, Galiza e Portugal hoxe si formarían aquela nación-completa, e, portanto, máis forte rival? Velaí o que conseguiron co tempo: axudar á historia no parto e nacemento doutra nación: nunca llelo agradeceremos de abondo!

Por iso comprirá insistir, finalmente, cara os máis recalcitrantes opoentes ao achegamento a/de Portugal, na imposibilidade dun imperialismo lusitano: primeiro) porque a nación galega é unha vella e moza realidade irreversíbel, segundo) porque, suposta a nosa repentina, ou paulatina, conversión ao lusitanismo –que entón si merecería tal calificativo!-, o centralismo español nunca o permitiría –e os datos obxetivos indican que durante longo tempo estará en condicións de permitilo e/ou non permitilo todo.

Ou coidades que en Madrid dormen? Non, ho, tranquilos, que han seguir velando por “la españolidad de Galicia”... Contando, insisto, co apoio inconsciente de quen actúan, a fin de contas, como “españoles de toda la vida”, obstinados na súa retesía antilusista.

A Cruña, 01-10-1978.

Publicado en *A Nosa Terra*, 20/26-10-78.

III. ESTE É O TEMPO DE NORMA-TIVI/LI-ZAR!

“Diríase que o seu nacionalismo está baseado nen máis nen menos que no antilusismo: como se os Reis Católicos tivesen sido portugueses ou Suárez fose lisboeta”. CARLOS DURÁN (*A Nosa Terra*, 09-03-79).

Como, pasados catro meses catro da miña resposta a Carlos Casares –que deron tempo a outra “polémica”, maiormente mantida en *El Ideal Gallego- La Voz de Galicia* se non dignou publicala, é que acudo á contrastada hospitalidade de *A Nosa Terra*, porque sei aínda vixentes os puntos de dita resposta. Velaí o texto de marras. (01-07-1979).

AÍNDA É O TEMPO

Para Carlos Casares

Expresa Carlos Casares en *La Voz de Galicia* do ppdo. domingo 4 de marzo, respecto de “A polémica sobre o galego”, os seus receos cara o perigo de confusionismo

que pode supor a exposición pública desa corrente idiomática, ortográfico-morfolóxica, a máis cada día, que el chama *lusista*.

Cadro conforme co firmante de “A ledicia de ler” en que as diverxencias entre Normas (Academia) e Bases (do Instituto e outros) son mínimas, polo que aí só se debe falar dunha única corrente con dous matices.

AI, OS MATICES!

A esta normativa (dobre), a única –dentro da minoría escribinte- universalmente espallada hoxe en día, véñena matizar, á sua volta, por unha banda, os chamados *isolacionistas* dos primeiros tempos do Instituto (*Gallego, I, II, III* 1ª edición); e, por outra banda, os firmantes da famosa “Carta dos Cinco”, dos que, cumpre sulíñalo, nunca máis se soupo, desde abril de 1978, en que saíron á palestra, neste mesmo xornal, autochamados *independentistas*.

Os citados *isolacionistas*, entre os que eu colocaría os foneticistas espontáneos, antinormativos e populistas por excelencia –é dicir que máis que servir ao pobo, como din, aupándoos, pónense de par del, asumindo os seus erros como cuase-dogmas, sen nada faceren por o convencer de que son erros só-, obsesos do diferencialismo, acomplezados polo castelán no que decote se miran, e ao que toman como referencia cotidiá, antilusistas viscerais e anticastelanistas aparentes que actúan, moitas veces, polo tanto, como antigalegos reais, ben mellor farían, de seren consecuentes e racionais, e xa que pretenden reflexar fielmente a fala, levando ese singularismo do galego ao punto de escribir cousas como: “ome” (por home), “berdá” (por verdade), e, alén disto, outras como “xobín” (por xa o vin), etc.

Colocaríanse, daquela, na liña de cantos Gonzalos Correas, e con non pouca razón, defenderon de sempre as ortografías máis simplificadas –como eu mesmo fixen nos meus tempos de castelán-escribinte-, suprimindo h, v, adaptando k, q, c, z, g, e j, dos que algúns serían eliminados, ao novo uso, etc., etc.; con todos os problemas que se derivarían das distintas falas comarcais (seseos, geadas, xogos de y/ll, vocais abertas e pechas, etc.); o que proba a imposibilidade de normativizar –e mesmo normalizar-, por este camiño, un galego único; a non ser que se escollese o oficializar un só galego escrito, con liberdade neses puntos conflictivos; todo iso moi problemático, por non lle chamar suicida.

DOS MAL CHAMADOS *LUSISTAS*

Frente a estes *isolacionistas* están, ben o sabe o amigo Casares, os *lusistas propriamente ditos*, que pasan, en ocasións, a barreira do prudente, para faceren da lingua escrita e falada dúas expresións lonxanas entre si, sustituíndo aquela practicamente polo portugués, sen repararen en que este e o galego son *dúas* variantes dunha lingua común.

E, por fin, os mal chamados *lusistas*, que ben mellor merecerían o calificativo de

etimoloxistas, e tentan conxugar a fidelidade á singularidade da variante galega do tronco galego-portugués, coa comunicación, recuperada a través dun achegamento discreto á ortografía portuguesa –en definitiva galega histórica evolucionada-, cun mundo de tantos millóns de falantes –e algúns menos escribintes-, da Nosa anterga Terra, ao fin e ao cabo, lingüisticamente procedentes.

Menos lusistas do que os lusistas, só nos preocupa (e xa vai sendo hora de me situar no campo) o castelán como único perigo real para o galego, e máis que anti ou pro queremos e cremos ser simplemente galegos. Defendemos a natureza latinista-extremooccidental do galego; non nos aillamos para nos contemplar o embigo; non nos preocupamos de se “generoso” se escribe igual en galego que en castelán e italiano, cando a diferenza, mesmo co portugués, está na pronuncia –é dicir no idioma real-, que tamén o italiano é coincidente con castelán e portugués, e viceversa, en moreas de vocábulos –precisamente por ese viceversa é que non nos preocupa que o galego se distere do castelán, e preferimos pensar e máis nos divirte dicir que é o castelán o que se asemella muito ao galego-; e, aínda máis, se queren vdes. diferencialismo co castelán, aí están, por exemplo, os lh e nh ou a acentuación que propugnamos, que compensan aquela outra diferenciación de x/j/g que non en todos os casos, senón cando cumprir, nós abandonamos.

ENGADIRMOS CONFUSIÓN?

Teño que lle dicir a Casares que a confusión se sementa cando o campo do problema é universal; e cando, como algúns fan, se dogmatiza –onde non hai norma oficial-, falando de correcto e incorrecto, en troque de aconsellábel ou non aconsellábel; e cando, velaí o pior, cal fai algún outro, desde a súa irresistible inxeniosidade, se escribe en castelán acerca de materias tales...

Que nin estes, pretextando ampliar o mercado de lectores, nin aqueles que, como ti, temen escandalizar ao público –e entre os que eu me contaba até hai ben pouco-, caíron en que “a polémica sobre o galego” é cousa dos catro –ou catro mil- entusiastas de sempre –e que non nos engane o feito de seren os periódicos (nun país sen revistas culturais regulares) os que ceden as suas páxinas –lidas algunhas delas por todos, pero outras por poucos- para estes mesteres.

Que, cando aínda estamos a cuase-cero, gracias (¡) ao parón violento dos cuarenta anos –que comezou “pouco antes do ano 40”-, non só se está a tempo de todo, senón que o tempo é mesmamente este; cando se vai oficializar o galego (¿), cara o comezo, agardamos, da súa normalización; momento do ensino en e do galego, que é non só oportuno para discutir e decidir, senón que é a oportunidade única e máis a única oportuna (valla o xogo) de plantear a alternativa etimolixista, -só a partir do ensino será ético o seu uso; sen ensino a única ética era a alternativa castelanizante que até agora se utilizou, así de forte como soa.

E ogallá que desa discusión dé saído a luz, a base de ter cada quen a humildade

necesaria para ceder no seu.

A DÚBIDA COMO MENCIAÑA

É dicir que os que por estas materias nos preocupamos e lemos –escritores, lingüistas, publicistas, curiosos- temos as cuestións claras abondo, e a exposición alterna dunha ou outra tendencia, cos seus matices varios, non nos supón confusión ningunha, senón apenas, e no mellor dos casos, unha sana dúbida, un novo motivo de reflexión, que pode supor, á vez, un troco de postura: ¿cántos de nós usamos un galego para o público en xeral –non só falado senón escrito: estas liñas son unha confirmación no meu caso; o meu libriño “Nau enfeitizada” será unha experiencia-sonda e, por tanto, unha excepción nestoutro caso- e outro para os amigos?

E no caso de se dar –xa non a nivel de discusión, mais de uso directo- a dobre ou múltiple grafía no medio bibliográfico, máis minoritario aínda, a cousa non reveste perigo ningún de confusión. (E que non se me fale, superficialmente, de elites: se non trata de elites percuradas, senón de elites de feito, que esperemos deixen de selo axiña).

E que así está acontecendo, demóstrao o interesármonos por estas cousas xentes non especializadas, especialistas oficiosos, nestes anos en que, por fin!, xa hai especialistas oficiais no idioma: quizáis cumpre unha miga de refrescante *amadorismo* para compensar, quer coa experiencia directa e apaixonada, quer cunha suposta sensibilidade natural, aquela, por veces, fría ciencia adquirida “lonxe do sol”...

A Cruña, 04-03-1979.

Publicado en *A Nosa Terra*, 13/19-07-79.

Xosé-María Monterroso Devesa.